

CURSO

ARTISTAS, MECENAS E INSTITUCIÓN

Do clasicismo á contemporaneidade

22 outubro 2013 – 13 maio 2014

Ana Pereira Molares

Ana Pereira Molares é licenciada en Historia da Arte pola Universidad Autónoma de Madrid, e doutora en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela. Ao longo da súa traxectoria profesional compaxinou a actividade docente nos ámbitos do ensino secundario e universitario, cun intenso labor investigador, centrado fundamentalmente no estudo dos perfís tipolóxicos da arquitectura galega ao longo da Idade Moderna.

Froito deste traballo viron a luz numerosas publicacións, entre as que destacan *A arquitectura do pazo en Vigo e a súa bisbarra* (COAG); *Os pazos. Moradas fidalgas de Galicia* (Galaxia, Vigo); *Galicia, terra de pazos*; e *Arquitecturas e arquitectos na diócese de Tui*, (Fundación Barrié de la Maza). Tamén é autora de numerosos artigos publicados en revistas especializadas.

Nos últimos anos este eixe de investigación desenvolvido en torno á realidade arquitectónica dun espazo e un tempo determinados, viuse complementado con liñas de reflexión orientadas a outros ámbitos das artes plásticas contemporáneas, que se concretan en diversas publicacións. En 1998 é designada Membro Numerario do Instituto de Estudos Vigüeses. O feito de ser a primeira muller que ingresaba nesta institución, case ás portas do século XXI, levouna ao compromiso de coñecer os mecanismos que fixeron que a presenza do colectivo feminino nos diferentes ámbitos da creación artística ao longo da historia fose inexistente. Froito diso apareceu o seu estudio *Pintoras vigüesas do século XX: o longo camiño cara a unha arte existente*, que constituíu o seu discurso de ingreso na mencionada institución, co que iniciou unha nova senda de estudo centrada na complexa dialéctica existente entre arte, muller e sociedade.

A estes traballos de carácter docente e editorial únese a súa actividade como conferenciante, colaboradora de prensa, comisaria de exposicións, e a súa participación en numerosos congresos relacionados con diferentes facetas da realidade socio-artística. De 2003 a 2012 foi profesora responsable do programa de didáctica da Historia da Arte de Caixanova, e dende 2003 é docente dos cursos de Iniciación á Arte Contemporánea para adultos no MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo.